



### O neno de tres meses

Unha abuela tenía un neto consigo e díxolle ao neto, chamábase Míngos, Domingo, vamos, Domingo, Míngos:

- “Míngos tes que casar?”

E dixo:

- “E logho abuela? E teño?”

Dixo:

- Tes!

E entonces vaise e dalí a unhos días díxolle:

- “Abuela, voume a casare. E canto tempo tarda dende que un casa a ter un rapaz?”

E díxolle a abuela:

- “Pois ves Mínguños, dende que te casas o rapaz tardache nove meses”

E casouse, pero aos tres meses de casar xa veu o rapaz, e díxolle él a mullere:

- “Manuela, pero a abuela díxome que o rapaz desde que se un casaba que tardaba nove meses”

Dixo:

- “Xa os hai, Xanciño. Xa os hai!”

Dixo:

- “Pero e como hai? Hai tres meses!”

- “Non Xan, hai nove. Abril e abrilite e o mes que se mete son tres meses. E maio e maiolo e o mes do raiolo son seis. E San Xuán e San Juanás e o mes que nace o rapaz son nove. Ves como che ven dando a conta!”

(Risas)